


Bahamón, Alejandro; Cañizares, Ana
Banca: arquitectura corporativa
[721/0531](#)




Este volume céntrase no sector bancario para reflectir como estas entidades recorren á arquitectura para se posicionaren no mercado, e que requirimentos se deben contemplar á hora de crear e consolidar a súa propia imaxe corporativa. O libro recolle boa parte desta nova xeración de sedes bancarias.

Nouvel, Jean
Arquitectura en BBVA: edificios singulares
[721/0790](#)



O libro reúne unha selección dos edificios máis representativos do BBVA. Aborda aspectos como a localización das sedes do banco, os estudos de arquitectura implicados, os desafíos técnicos e urbanísticos e o papel simbólico que desempeña a arquitectura na identidade corporativa.

Guillén, Esperanza
Eduardo de Adaro: arquitecto del Banco de España
[M/0984](#)




A longa vida do edificio do Banco de España, así como a súa capacidade para se converter nunha tipoloxía de referencia dentro da arquitectura bancaria, fan obrigatorio volver á figura do arquitecto Eduardo de Adaro, quen, recollendo as ensinanzas dos arquitectos do Banco que o precederon, soubo configurar unha edificación que deu resposta ás múltiples necesidades da institución.

Cánovas, Andrés (ed.)
Banco de Bilbao, Sáenz de Oiza
[M/0396](#)



«Un edificio de oficinas debe ser entendido como institución e instrumento de trabajo. Como un mecanismo complejo y de gran movilidad que se relaciona con las formas de la organización, con los sistemas de la producción, con las estructuras de los servicios. Debe ser entendido como paquete constituyente básico del sistema nervioso de los centros urbanos».

Armero Alcántara, Gonzalo;
Armero Chauton. Jacobo
Antonio Palacios: constructor de Madrid [M/0479](#)




Este catálogo da exposición celebrada no Círculo de Belas Artes de Madrid entre novembro de 2001 e xaneiro de 2002 dedica dous capítulos a dous proxectos de arquitectura bancaria de Antonio Palacios: o Banco Español do Rio da Prata, e o Banco Mercantil e Industrial, ámbolos dous na rúa Alcalá de Madrid.

Jarauta, Francisco et al.
Ciudad Grupo Santander
[DEP/1477](#)




«En 1999 el Grupo Santander plantea [...] la concentración de sus oficinas centrales en un único desarrollo urbano, localizado en el área metropolitana de Madrid, según un modelo de ciudad financiera autónoma dotada de los servicios básicos y las infraestructuras necesarias para desarrollar sus funciones con la máxima eficacia».

Fernández Galiano, Luis (ed.)
Rafael Moneo: selected works
[M/0976](#)




Entre os proxectos seleccionados para a monografía 249-250 de *Arquitectura Viva* publicada en 2022 atópanse os seguintes: *Sede de Bankinter, 1972-1976, Madrid* (p. 14-19), *Ampliación del Banco de España, 1978-2006, Madrid* (p. 26-31) e *Sucursal del Banco de España, 1980-1988, Jaén* (p. 40-43)

Ibelings, Hans; Fessy, Georges
ING Group Headquarters, Amsterdam, Meyer en Van Schooten architecten
[DEP/0048](#)




«A sede do Grupo ING é un dos edificios máis espectaculares do noso tempo. Unha construción de aceiro coa segunda fachada ventilada máis grande dos Países Baixos, [...]. Máis aló de ser unha estrutura que chama a atención e capta as miradas, o edificio é unha unidade complexa de forma, espazo, construción, técnica e detalle». Tradución do inglés

Neves, José Manuel das
Caja General de Ahorros, Granada: Alberto Campo Baeza
[721/0344](#)



«Para recoger la pendiente del terreno se crea un gran basamento sobre el que se asienta una pieza cúbica. En este podio se resuelven aparcamientos, archivos y Centro de Proceso de Datos (C.P.D.). La caja cúbica emergente se construye con una trama de hormigón armado de 3 x 3 x 3 m que sirve de mecanismo para recoger la luz».


Fernández Salas, José;
Fernández Cid, Cristina;
Rodríguez Vales-Villamarín, Pablo et al.
El palacio de Mayoralgo, sede institucional de la Caja de Extremadura
[72.02/0126](#)



O libro dedica oitenta páxinas, da 151 á 231, ao proxecto de restauración do edificio do antigo profesor da Escola José Fernández Salas, mais Cristina Fernández Cid e Pablo Rodríguez Vales Villamarín.

O edificio

En novembro de 2025 conmemórase o centenario da inauguración do emblemático Edificio Banco Pastor. O seu proxecto, levado a cabo por Antonio Tenreiro e Peregrín Estellés, deixou unha pegada duradeira no paisaxe urbano coruñés, sendo un claro exemplo de modernidade e rigor técnico da súa época.



Soraluce Blond, José Ramón; Alonso Pereira, José Ramón; Fernández Fernández, Xosé; Agrasar Quiroga, Fernando
El Banco Pastor de La Coruña
[721/0342](#)

Este libro «recoge todo lo que que ha significado este edificio para la ciudad en la que nació el Banco [...]. Hasta tal punto que, como dice José Ramón Soraluce, su construcción “supuso el inicio de la transformación decimonónica de la ciudad”, de la que llegó a ser uno de sus signos más distintivos, “el proyecto más avanzado en Galicia en tecnología, en construcción y en funcionalidad”».

Elías de la Puente, arquitecto técnico

Peña, A. e Ventureira, R. Una investigación desvela que el Banco Pastor de A Coruña no se levantó sobre pilotes de madera. (22 de octubre de 2025). *El Ideal Gallego*.
<https://tinyurl.com/2wd7p5cc>



Segundo un estudo do arquitecto técnico Elías de la Puente, o Edificio Banco Pastor da Coruña non foi cimentado sobre pilotes de madeira, como se cría ata agora.

O estudo, baseado en planos, fotografías e documentación da época, demostra que a súa estrutura se apoia en pozos de cimentación de formigón —algúns máis superficiais e outros máis profundos—, un sistema semellante ao modelo caisson empregado pola Escola de Chicago. A confusión podería proceder do edificio anexo construído en 1964, que si empregou pilotes de madeira.

Este achado corrixe unha idea moi estendida e pon en valor a innovación técnica e o rigor construtivo do proxecto orixinal dos arquitectos Antonio Tenreiro e Peregrín Estellés.

Elías de la Puente, arquitecto técnico

Parga, G. Cajas fuertes secretas, cámaras inexpugnables y pasadizos: los secretos del Banco Pastor de A Coruña. (4 de noviembre de 2025). *El Ideal Gallego*.
<https://tinyurl.com/jkmyrr4b>



Este artigo afonda, da man do arquitecto técnico e traballador do Banco Santander Elías de la Puente, nos segredos e historias de película que subxacen baixo o día a día dun banco do século XXI que aínda conserva moito dos anos vinte da centuria pasada.

Elías de la Puente Formoso titulouse na EUAT da Coruña. O seu PFC está depositado na nosa biblioteca:



Puente Formoso, José-Elías de la;
Molina Martínez, Juan
Proyecto de Jardín Botánico
[TFC 1426](#)

«La intención del proyecto es la creación de un jardín botánico [y de] unas instalaciones para el estudio, tratamiento y conservación de las plantas».

Outras novas

Valiña, M. El rascacielos del Banco Pastor, cien años de historia en el corazón de A Coruña. (15 de febrero de 2025). *La Voz de Galicia*.
<https://tinyurl.com/45tz8fjv>



Cien años de un emblema de A Coruña. (6 de marzo de 2025). *La Voz de Galicia*, 1



Cien años de un emblema de A Coruña.
Freire, E. Santander celebra el centenario del edificio del Banco Pastor en A Coruña. (6 de marzo de 2025). *La Voz de Galicia*.
<https://tinyurl.com/mr3r4rdm>



Vázquez, D. Estellés y Tenreiro hablan de los abuelos que levantaron el Pastor (31 de octubre de 2025). *El Ideal Gallego*.
<https://tinyurl.com/ysex2397>

Estellés y Tenreiro hablan de los abuelos que levantaron el Pastor

Evocan la amistad que les unía más allá de su trabajo, su austeridad y sus preocupaciones por las estructuras




Antonio Tenreiro e Peregrín Estellés

Louzao Martínez, Francisco Xabier
Historia de la arquitectura en Galicia: del Neoclasicismo a la autarquía
[72.03/0589](#)



«Las primeras vanguardias arquitectónicas é o título do capítulo 7 desta obra. O subcapítulo 7.1. (p. 174-179) está dedicado a *La obra de A. Tenreiro y P. Estellés*».

Agrasar Quiroga, Fernando (ed.)
Antonio Tenreiro, 1893-1972: obra arquitectónica
[M /0438](#)



Antonio Tenreiro «se embarca en la tremenda aventura de construir un edificio sólo al año siguiente de finalizados sus estudios, lo que demuestra su coraje y precocidad arquitectónica, dejando una de las más significativas obras de la Galicia del siglo XX: el Banco Pastor, con sus “récores” y una altísima pericia profesional».

Antonio Tenreiro e Peregrín Estellés

Artistas galegos. Arquitectos: do racionalismo á modernidade
[03/0027\(2\)](#)



Antonio Tenreiro, Peregrín Estellé, capítulo escrito por Fernando Agrasar (p. 58-83) recolle fotografías dos edificios que proxectaron: Banco Pastor, Escola de Náutica, antiga Escola de Maxisterio (agora, [Normal da UDC](#)), etc.

Raquel Álvarez Sánchez (ed.)
Las torres coruñesas. Construcción vertical de la ciudad en el siglo XX
<hdl.handle.net/2183/39642>



Este libro é o catálogo da mostra "As torres coruñesas. Exposición de traballos de Historia da Arquitectura", organizada polo Concello da Coruña na sala de exposicións do Palacio Municipal, entre o 7 de outubro e o 7 de novembro de 2024. O primeiro edificio da sección *13 torres singulares* é a do Banco Pastor (p.57-60).

GUÍA DE LECTURA

novembro 2025

Centenario do Edificio Banco Pastor (1925-2025)



[@BiblioEUAT_UDC](#)

BIBLIOTECA EUAT